

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras, tradutoras e editoras nas actividades que se celebren no sector do libro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT221A).

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución española.

De acordo co Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle a este departamento as competencias e funcións en materia da promoción e difusión da cultura.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece, no artigo 5, que a Xunta de Galicia articulará unha política de promoción dos creadores e creadoras galegos. Esta promoción abranguerá desde o ámbito social da comunidade ata aqueles outros ámbitos estatais e internacionais en que se considere conveniente.

Pola súa vez, esta norma establece a obriga da Xunta de Galicia de promover a participación do sector editorial nas feiras nacionais e internacionais relacionadas co libro e o fomento da asistencia das empresas galegas do sector do libro e dos creadores e creadoras a feiras ou exposicións que se desenvolvan fóra do seu ámbito territorial, incluídos os certames internacionais, sempre que estes teñan interese para a comercialización ou difusión das publicacións ou servizos das empresas, ou sexan de interese para o país (artigos 17 e 18.3).

En cumprimento destes mandatos, a Consellería vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación da cultura galega e de apoio á produción editorial e a promoción da participación en eventos culturais e feiras do sector do libro, coa finalidade de crear novas vías de difusión da obra dos creadores e creadoras galegas e a súa produción editorial, facilitando a asistencia a eventos de difusión e de comercialización do libro, así como a outros espazos de creatividade.



No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere, con esta orde, establecer un instrumento que, conforme a normativa legal vixente, promova a difusión da obra creada e editada polos diferentes integrantes da industria do libro, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por este motivo, dentro das responsabilidades que lle competen, no uso das facultades que se lle confiren, e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude establece unha liña de subvencións para o apoio económico a aquelas persoas escritoras, ilustradoras, tradutoras e editoras que desexen participar en distintas actividades que se realicen no sector do libro, tales como feiras, festivais, seminarios, encontros e obradoiros como medio de favorecer a creación e a promoción do libro galego.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións a persoas físicas ou xurídicas, que sexan escritoras, ilustradoras, tradutoras ou editoras e que desenvolvan o seu traballo no sector do libro e, maioritariamente, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, facilitando a súa participación en actividades do dito sector que se celebren no ano 2026, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro. Código de procedemento CT221A.

2. As actividades obxecto de subvención son feiras, festivais, seminarios, encontros obradoiros e eventos de similar natureza, agás as estadias creativas e residencias creativas e literarias.

Enténdese por evento calquera actividade cuxo contido inclúa a transmisión de coñecementos, contactos e intercambio entre profesionais e expertos nos sectores da creación literaria, tradución, ilustración e edición.

3. Así mesmo, ten por obxecto convocar a dita subvención para o ano 2026.



Artigo 2. Beneficiarios e requisitos para obter a condición de persoas beneficiarias e exclusións

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as persoas físicas, sexan autónomas ou non, ou xurídicas, que sexan escritoras, ilustradoras, tradutoras ou editoras que acrediten esta condición e desenvolvan o seu traballo no sector do libro maioritariamente no ámbito da Comunidade Autónoma galega, que cumpran, ademais, todos os seguintes requisitos:

1.a) Acreditar que a/s actividade/s solicitada/s está/n directamente relacionada/s coa súa traxectoria profesional (escritor/a, ilustrador/a, tradutor/a ou editor/a) desde a que participa nesta orde, e a previsión de como a/s dita/s actividade/s van repercutir nela. Deberase cubrir unha memoria xustificativa incluída no formulario da solicitude.

1.b) Terse inscrito, asistido ou participado nunha actividade subvencionable realizada no sector do libro fóra de Galicia, no prazo establecido na presente convocatoria.

Debe presentarse unha copia da certificación ou documentación oficial que acredite a asistencia ou participación do/a solicitante da axuda na/s actividade/s que se vai/van realizar ou que xa se realizasen no sector do libro emitida pola entidade organizadora con especificación do lugar e das datas de realización. Se no momento da solicitude non é posible achegar a dita documentación, deberase presentar na fase de xustificación, unha vez realizada/s a/s actividade/s, tal e como se establece no artigo 20.3.a) desta orde.

1.c) Acreditar o desenvolvemento do seu traballo no sector do libro maioritariamente no ámbito da Comunidade Autónoma galega mediante a publicación de obra literaria en Galicia nos seguintes xéneros: narrativa, poesía, ensaio, cómic, teatro ou literatura infantil e xuvenil. Polo menos deberá terse publicado dúas obras, como persoa escritora, ilustradora, tradutora ou editora nos tres anos inmediatamente anteriores á data de publicación da presente orde e computados desde a data de entrada da solicitude de inscrición no rexistro do Depósito Legal. Deberase cubrir o ano de publicación, o número do depósito legal e a data de entrada no rexistro correspondente que consta no formulario de solicitude.

Para os efectos desta orde, non computan as seguintes publicacións:

– Coleccións e antoloxías de máis de tres autores, así como as publicacións ou colaboracións en revistas.



– Traballos académicos ou de investigación realizados exclusivamente para a superación de procesos selectivos ou a obtención de titulacións académicas (teses doctorais, de fin de carreira, de grao...).

– Catálogos.

– Guións cinematográficos e de videoxogos.

– Obras publicadas dentro da realización dun curso, seminario etc.

– Calquera obra literaria que non teña distribución comercial, é dicir, que estea fóra das liñas de comercialización e distribución de plataformas físicas ou dixitais dos libros.

2. As persoas xurídicas deben acreditar, a maiores, o seguinte:

2.1. A condición de editoras ou tradutoras de acordo co establecido na presente orde, para o que deberán estar dadas de alta antes do 1 de xaneiro de 2026, na epígrafe 476.1 edición de libros ou 774 tradutores e intérpretes do imposto de actividades económicas, de acordo co establecido na presente orde.

2.2. Ter publicado un mínimo de tres obras ao ano, nos tres anos inmediatamente anteriores á data de publicación desta orde. Para estes efectos, terase en conta que a data do rexistro do depósito legal estea comprendido no dito prazo.

3. Quedan excluídas das axudas recollidas nesta orde aquelas entidades solicitantes que se atopen nos seguintes supostos:

a) Os previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As entidades que se atopen sancionadas administrativa ou penalmente coa perda da posibilidade de obtención de subvencións públicas, ou incorra nalgunha prohibición legal que a inhabilite para iso, con inclusión das que se produciron por discriminación de sexo de conformidade co disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.



Artigo 3. Gastos subvencionables

1. Serán obxecto de subvención os gastos de viaxe referidos ao aloxamento e transporte que permitan a asistencia fóra de Galicia, ata un máximo de dúas actividades por solicitante.

2. Os gastos de transporte refírense só aos gastos de ida e volta desde a localidade de residencia, segundo consta na solicitude, á localidade onde se realice a actividade e, no caso de billetes electrónicos, deberase presentar documentación que acredite a realización da viaxe (tarxetas de embarque...). Nos gastos da viaxe inclúense os de emisión dos billetes, así como os correspondentes ás taxas e aos impostos directamente relacionados coa emisión daqueles.

3. Para o cálculo do orzamento dos traslados facendo uso do automóbil, aplicarase o establecido na Orde HFP/793/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, quedando fixado en 0,26 € por quilómetro percorrido. Aceptaranse tamén gastos de peaxe debidamente xustificadas.

4. Considéranse gastos subvencionables os realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2026 (incluído), sempre que exista crédito suficiente para o seu financiamento.

5. Quedan expresamente excluídos desta subvención os gastos de manutención ou calquera outro gasto que non se refira de xeito indubidable ao obxecto da subvención.

Artigo 4. Imputación orzamentaria e contía das subvencións

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.770.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, por un importe de 30.000,00 €.

2. Este importe pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. O financiamento dos gastos da viaxe son os referidos ao aloxamento e transporte e terán o seguinte importe por ámbito xeográfico de destino, sempre que se xustifique:

- España, agás a Comunidade Autónoma galega: 500 €.
- Resto de Europa ou países ribeiregos do Mediterráneo: 900 €.
- Resto do mundo: 1.600 €.

Artigo 5. *Natureza*

1. As empresas quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, L).

2. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) nº 2023/2831. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder os 300.000,00 € durante o período dos tres anos previos á data da concesión. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

3. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei, e con base no disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

4. Os mecanismos e as medidas que se van aplicar no procedemento para reducir o risco de fraude e de corrupción e os conflitos de intereses ateranse ao previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

5. Unha vez realizada e xustificada a actividade subvencionada, inclúese a posibilidade de efectuar pagamentos á conta a medida que as persoas beneficiarias xustifiquen a realización das accións subvencionadas, nas condicións establecidas polo artigo 62 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Este expediente tramitárase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de acordo co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Así mesmo, todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que no momento de editarse a resolución, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

Artigo 6. *Concorrencia das axudas*

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a persoa beneficiaria.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. Só se poderán presentar solicitudes para un máximo de dúas actividades por solicitante. De presentarse máis, teranse en conta as dúas primeiras por orde de entrada segundo a lexislación vixente.

2. As empresas editoras poderán designar a un máximo de dúas persoas do seu cadro de persoal para que asistan a un evento cada unha, a unha única persoa traballadora para que asista a un máximo de dous eventos ou a dúas persoas traballadoras para que asistan ao mesmo evento.



3. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I.

4. A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e para as persoas físicas que sexan autónomas, e os seus representantes, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

5. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

6. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

7. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, poderán presentar as súas solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 26 de xaneiro de 2026, e rematará ás 20.00 horas do día 26 de febreiro de 2026, ambos incluídos.

2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecida nesta orde.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

– En caso de actuar a través de representante, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xun-



ta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>

– Copia da certificación ou documentación oficial que acredite a asistencia ou participación na/s actividade/s que se vai/an realizar ou xa realizada/s, de dispor dela.

2. Exclusivamente para persoas xurídicas:

a) Escritura pública de constitución da entidade ou equivalente, de ser o caso.

b) Poder do representante legal, de ser o caso.

c) Certificación de situación no Censo de actividades económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, de ser o caso.

d) Copia do último recibo do pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.

3. A documentación que se achegue coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada pola persoa solicitante, que será responsable da súa veracidade.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Artigo 10. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e para as persoas físicas que sexan autónomas, e os seus representantes. Se algunha destas persoas pre-



sentada a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emenda se presente a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

2. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial, dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) NIF da entidade representante.



e) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

h) Consulta de concesións ampliado.

i) Consulta axudas do Estado.

j) Consulta de concesión pola regra *de minimis* ampliado.

k) Alta no imposto de actividades económicas (IAE).

l) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

m) Certificado de domicilio fiscal.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

3. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados documentos, poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

Artigo 12. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se lle terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Artigo 13. Procedemento de instrución

1. Corresponde á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro a instrución do procedemento de concesión de subvencións e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A concesión destas axudas efectuarase tendo en conta a data de presentación de cada unha das solicitudes, sempre que se cumpran os requisitos para poder ser beneficiarios, e estará en calquera caso condicionada á existencia de crédito orzamentario.

3. De conformidade co artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia, o esgotamento do crédito establecido para esta subvención deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* pola Dirección Xeral de Cultura e comportará a inadmisión das solicitudes presentadas con posterioridade, aínda que a dita publicación sexa posterior ao esgotamento do dito crédito.

4. Ás solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselles a cantidade correspondente ao ámbito xeográfico para o que se solicita a actividade por orde de entrada da solicitude segundo a lexislación vixente, ata, de ser o caso, que se esgote o crédito dispoñible, tendo en conta que cada persoa ou empresa solicitante pode solicitar axuda para a asistencia a dúas actividades e beneficiarse de dúas axudas.

5. De acordo coa natureza desta subvención, poderán realizarse pagamentos a conta por cada actividade executada e xustificada, conforme o establecido no artigo 5.5 destas bases.

6. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, rematada a tramitación do expediente, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

7. Á vista da proposta de resolución, a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

Artigo 14. Resolución

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ditará a resolución



de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluírase a relación de persoas beneficiarias e as cantidades concedidas por solicitude.

2. O prazo para ditar e notificarlles ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O vencemento do dito prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta a persoa interesada para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Na resolución informárase por escrito ás persoas beneficiarias sobre o importe da axuda e sobre o seu carácter *de minimis*, facendo unha referencia expresa ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15.12.2023, serie L).

Artigo 15. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectúranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectúranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



4. No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar, en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Publicación dos actos e notificacións*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a correspondente resolución deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web:

<https://www.cultura.gal>

Artigo 17. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de 10 días para a súa aceptación contados desde o día seguinte á dita notificación.



Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada pola representación da persoa beneficiaria.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No caso de renuncia, a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 19. *Prazo de xustificación*

1. O prazo para xustificar as axudas será:

– Para actividades celebradas entre o 1 de xaneiro e ata a data de aceptación da axuda referida no artigo 18.1; 10 días hábiles desde a data de aceptación.

– Para actividades que se celebren con posterioridade á data de aceptación, 5 días hábiles desde o remate da actividade subvencionable.

2. As persoas beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditar a realización dos gastos subvencionados e a xustificalos, no prazo establecido na presente orde.

Artigo 20. *Xustificación e pagamento*

1. De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderanse efectuar pagamentos á conta a medida que as persoas beneficiarias xustifiquen a realización das accións subvencionadas, despois da asistencia a cada evento. Estes pagamentos non superarán o 80 % da porcentaxe total subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, e o importe restante librarase no momento da xustificación final por parte das persoas beneficiarias da totalidade das accións subvencionadas, así como das demais condicións para as cales lle foi concedida a subvención. Ademais, de acordo



co recollido no número 4.i) do artigo 65 do citado decreto, exonéranse as persoas beneficiarias da constitución de garantía.

2. As persoas beneficiarias de dúas actividades ás que asistan deberán xustificar por separado cada unha delas cumprimentando o anexo II desta orde.

3. Para a xustificación das axudas deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Copia da certificación ou documentación oficial que acredite a asistencia ou participación da entidade beneficiaria da axuda na/s actividade/s realizada/s no sector do libro emitida pola entidade organizadora con especificación do lugar e das datas de realización, de non terse presentado coa solicitude.

b) Memoria final das actividades realizadas en relación coa memoria inicial presentada na solicitude, con indicación das accións realizadas e o resultado conseguido para a entidade solicitante, incluída no formulario da xustificación, anexo II desta orde.

c) Declaración das axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo obxecto ou concepto para os que se solicita esta subvención, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante o período dos tres anos previos. Esta declaración está incluída no anexo II da presente orde.

d) Relación clasificada e certificación dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do documento de gasto ou factura, o importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de desprazamentos fóra da zona euro, terá que indicar a conversión a euros dos gastos xustificadas, segundo establece o Banco de España ou os bancos nacionais de referencia.

Ademais, xunto coa relación clasificada dos gastos, deberase certificar que as facturas corresponden ás actividades obxecto da subvención. Tanto a relación de gastos como a certificación de que corresponden ás actividades subvencionables está incluída no anexo II desta orde.

e) No caso de efectuarse desprazamento en vehículo propio presentarase unha memoria asinada pola persoa beneficiaria onde conste a distancia percorrida e os gastos de combustible que poidan corresponder, de acordo co recollido no artigo 3.3 destas bases.



De ter efectuados gastos de peaxe é preciso xuntar as facturas, tíckets ou calquera outro documento que acredite o seu pagamento onde conste día, hora e prezo.

4. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo ou certificación bancaria), en que conste o número da factura e obxecto do pagamento. Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda. Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e/ou entidade que emitiu a factura.

b) Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, sexa inferior a 1.000 €. Neste caso, o pagamento xustificarse mediante a factura asinada e selada polo provedor en que figure a expresión «recibín en metálico».

5. A Dirección Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento ás persoas solicitantes que acheguen a documentación complementaria que considere necesaria co fin de completar a solicitude e xustificar a axuda.

6. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás restantes obrigas previstas na lei, regulamento e normativa básica estatal.

2. As persoas beneficiarias das axudas terán a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



Artigo 22. Reintegro da axuda e procedemento sancionador

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 23. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seguintes medios:

a) Portal web oficial da Dirección Xeral de Cultura (<https://www.cultura.gal>) onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta orde.

b) Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal>).



Artigo 25. Remisión normativa

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da administración pública galega.
- E, supletoriamente,
- d) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, que resultan de aplicación á normativa desta Comunidade Autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.
 - e) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - g) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 26. Recursos

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Disposición adicional primeira. *Base de datos nacional de subvencións e Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.*

1. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do



artigo 20 será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas. A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

A entidade outorgante das axudas consignará na BDNS, no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da axuda, a información sinalada no artigo 6.1 do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, Serie L).

2. As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurará no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura a actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias en relación coas subvencións previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para ditar cantas instrucións e actos sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 28.6.2024)
Elvira María Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS ESCRITORAS, ILUSTRADORAS, TRADUTORAS E EDITORAS NAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO SECTOR DO LIBRO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT221A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
NOME/RAZÓN SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>			
ENDEREZO							
PAÍS							
<input type="text"/>							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL		PREFIXO	OUTRO TELÉFONO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>			
CORREO ELECTRÓNICO							
<input type="text"/>							

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
NOME/RAZÓN SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>			



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDEANEXO I
(continuación)**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal** (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

DATOS BANCARIOS* **Formato IBAN** **Formato BIC**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA* NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)*

IBAN

TIPO DE SOLICITANTE **Persoa física** **Persoa xurídica**

Neste suposto, indicar a seguir a modalidade pola que se opta:

- Designar dúas persoas do seu cadro de persoal para que asistan a un evento cada unha (recoller a información de cada un dos eventos).
- Designar a dúas persoas traballadoras para que asistan ao mesmo evento (recoller a información do evento dúas veces, como actividade 1 e como actividade 2).
- Designar unha única persoa traballadora para que asista a dous eventos distintos (recoller a información de cada un dos eventos).
- Designar unha única persoa traballadora para que asista a un único evento (recoller a información do evento como actividade 1).

ACTIVIDADE PROFESIONAL **Escritor/a** **Ilustrador/a** **Tradutor/a** **Editor/a**

MEMORIA XUSTIFICATIVA. Indicar de que xeito a actividade a que se asiste está directamente relacionada co ámbito e traxectoria profesional, e repercusión desta actividade na dita traxectoria.

ACTIVIDADE 1**ACTIVIDADE 2****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que desenvolve o seu traballo, obxecto da subvención, no sector do libro no ámbito da Comunidade Autónoma galega.
8. Que, en relación co imposto de actividades económicas:
- Estou exento do pagamento deste
- Non estou exento do seu pagamento



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
1. Documentación de carácter xeral

- Certificación de situación no Censo de actividades económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, de ser o caso.
- Copia do último recibo do pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Escritura pública de constitución da entidade ou equivalente, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Poder do representante legal, de ser o caso.			

2. Documentación específica

- Copia da certificación ou documentación oficial que acredite a asistencia ou participación na/nas actividade/s que se vai/an realizar ou xa realizada/s, de dispor dela.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións ampliado	<input type="checkbox"/>
Consulta axudas do Estado	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesión pola regra <i>de minimis ampliado</i>	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Alta no imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de domicilio fiscal	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dirección Xeral de Cultura.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras, tradutoras e editoras nas actividades que se celebren no sector do libro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT221A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura



DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA OS PROXECTOS E CONCEPTOS PARA OS QUE SE SOLICITA ESTA SUBVENCIÓN, RELACIÓN CLASIFICADA E CERTIFICACIÓN DO GASTO DA ACTIVIDADE
 CT221A - SUBVENCIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS ESCRITORAS, ILUSTRADORAS, TRADUTORAS E EDITORAS NAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO SECTOR DO LIBRO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMSOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMSOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención e a suma delas non supere o importe total do investimento realizado para este fin. E son as que a seguir se relacionan:

ACTIVIDADE	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



DATOS DA/DAS PERSOA/S QUE PARTICIPOU/ARON NA ACTIVIDADE (só para persoas xurídicas)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TELÉFONO MÓBIL

Así mesmo, a entidade declara que o persoal que participou na actividade e relacionado na anterior táboa forma parte do cadro de persoal da empresa.

MEMORIA FINAL

Esta memoria das actividades realizadas, en relación coa memoria inicial presentada na solicitude, deberá indicar as accións realizadas e o resultado conseguido para a entidade solicitante.



